

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016790	IES Castro de Baronceli	Verín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	6
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de traballos/proxectos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Castro de Baronceli, situado en Verín.

Os grupos seleccionados de 2º ESO, están compostos por un total de 8 alumnos e alumnas no grupo A e 15 alumnos e alumnas no grupo B, respectivamente. Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Deseño.	Deseñarase un plan de traballo no que se inclúan os obxectivos e as accións para acadalos.	30	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Elaboración.	Levarase a cabo a elaboración do traballo.	30	10		X	
3	Presentación.	Elaboración do produto final e presentación do mesmo.	40	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Deseño.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecemento da relevancia da temática do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Determinación os materiais necesarios para o proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificación e selección e análise da información necesaria.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realización da secuencia e temporalización das actuacións necesarias.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Elaboración.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Execución das actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicación dos coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprego de recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolución das incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valoración dos resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Presentación.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación do produto final.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprego dunha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprego dunha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciación as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprego de recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta materia plantexa un gran abanico de posibilidades pedagóxicas axeitadas, que implican unha maior participación do alumnado e facilitan o traballo en grupo ou por parellas. As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

Dito isto, é moi importante ter en conta os seguintes principios na intervención educativa:

Aprender a seleccionar a información máis relevante para a elaboración de traballos. Valorarase o pensamento autónomo e a capacidade de reacción ante problemas de distinta natureza.

Presentar diversas explicacións e tarefas que permitan a comprensión dos diversos niveis de execución e/ou presentación dos traballos e/ou proxectos.

Propoñer tarefas para pór en práctica os métodos de elaboración e exposición de traballos e/ou proxectos. Preténdese que o alumno comprenda a importancia das estratexias adquiridas e observe o que é capaz de resolver coas novas técnicas.

Promover a reflexión sobre o realizado. Búscase que o alumno sexa capaz de analizar os seus progresos dun modo obxectivo e descubra as súas principais dificultades.

Fomentar o aprendizaxe cooperativo. Intentarase facer grupos nos que mixturar alumnos con vantaxe cos que teñen dificultades e que os primeiros axuden aos segundos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno e bolígrafo e/ou lapis.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Alumnos:

Os alumnos poderán utilizar o ordenador para a búsqueda da información a seleccionar e incluír nos devanditos traballos e/ou proxectos. Tamén, poderán usalo para a súa elaboración. Asemade, será importante ter en conta o material recompilado e aportado polo profesor que pode ser considerado material complementario e de apoio para os traballos/proxectos. Ademais, poden usar outro tipo de materiais para a búsqueda de información, como poden ser os libros de consulta, etc. Outros materiais importantes para o alumnado serán os cadernos, bolígrafos, rotuladores....

Profesor/a:

O profesor poderá usar os seguintes materiais: material impreso, dicionarios e libros de consulta, etc. Outros recursos: audiovisuais, filmes e gravacións sonoras, mapas murais, prensa, etc. E o uso das TICs que constitúen novos soportes e canles tendo claro que son medios non fins, facilitan a aprendizaxe e o desenvolvemento de distintas formas, estilos e ritmos. Facilitan á vez a aprendizaxe cooperativa. E as debemos utilizar como ferramentas no proceso ensino-aprendizaxe. Poderanse incluír polo tanto o taboleiro dixital, os blogs, o podcast, a web, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Neste periodo inicial, mediante unha avaliación inicial, recollerase información das competencias de todo o alumnado (habilidades, estratexias, destrezas, manexo de procedementos...). O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A nota de avaliación obterase do seguinte modo:

Procedementos de avaliación:

- 1) Observación directa do traballo diario (que terá nesta materia un peso maior xa que se dotará ao alumnado dos recursos necesarios para que poida ser avaliado mediante traballos / proxectos realizados).
- 2) Análise e valoración das tarefas realizadas na aula e/ou na casa.
- 3) Valoración do avance individual (anotacións, puntualizacións, etc).
- 4) Valoración do avance colectivo (anotacións, puntualizacións, etc).
- 5) Outros.

Instrumentos de avaliación:

- 1) Debates e intervencións.
- 2) Realización de traballos e/ou proxectos individuais e/ou en grupos.
- 3) Exposicións de traballos e/ou proxectos individuais e/ou en grupos.
- 4) Rúbricas para valorar os debates, as intervencións, as presentacións, os traballos e/ou proxectos...
- 5) Outros.

En cada avaliación, o alumnado deberá acadar os obxectivos marcados. Para iso, deberán realizar certas tarefas para poder acadalos de xeito coherente e cohesivo. Valorarase a boa presentación das tarefas, dos traballos, a capacidade de comprensión, análise e síntese, o bo razoamento e o uso de argumentos pertinentes, o respecto polos/as compañeiros/as, etc. Negativamente, a falta de respecto, a falta de solidariedade e empatía, a non realización das tarefas e a falta de actitude para aprender, etc.

É fundamental que os alumnos entreguen as tarefas que o profesor lles pide nas datas e horas sinaladas para a súa corrección. É imprescindible que a presentación dos traballos se axuste ás condicións prescritas na aula. Terase en conta a súa calidade, as respostas elaboradas, a boa redacción, o traballo de reflexión, a calidade da exposición oral, etc.

Para aprobar a avaliación, o alumnado deberá obter unha nota global final de 5, como mínimo, e calquera nota inferior suporá que a materia non estará superada, polo que terá que facer as tarefas establecidas na programación para a súa superación.

Para superar a materia na convocatoria de xuño o alumno/a deberá ter todas as avaliacións aprobadas. A nota final de curso será a media de todas as avaliacións.

Criterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe as avaliacións parciais, levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración de tarefas. O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas e/ou corrixir aqueles aspectos que sexan precisos. As actividades deberán ser realizadas e entregadas no prazo indicado.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Proxecto Competencial é unha materia nova en 2º ESO. Polo tanto, non hai alumnado con esta materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

Un dos obxectivos principais dun ensino de calidade é ofrecer un achegamento á propia realidade dos alumnos, tanto no seu contorno coma ás súas propias aspiracións, capacidades e intereses. Isto é particularmente relevante na área de Proxecto Competencial, marcada pola diferente percepción do medio social que teñen os alumnos dunhas e outras zonas e duns e outros contornos culturais, etc.

Ademais os alumnos non teñen un nivel de coñecementos homoxéneo. Nuns casos pode haber diferenzas marcadas na súa competencia lingüística, o que pode provocar grandes desniveis á hora de entender os conceptos, a maioría de grande abstracción. Por todo isto, a programación debe ter en conta que non todos os alumnos adquiren ao mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, debe estar deseñada de modo que asegure un nivel mínimo para todos os alumnos ao final da etapa, permitindo á vez que os alumnos máis avantaxados poidan ampliar os seus coñecementos máis aló dese mínimo común.

Estes obxectivos lógranse mediante a formulación mediante a posibilidade de que estes alumnos realicen tarefas máis sinxelas, seguindo unhas pautas para facilitar una mellor comprensión e traballo autónomo. Tamén poderán traballar con calquera material que sexa motivador e o profesor considere que é necesario en cada caso, sempre tendo en conta que as pautas a seguir sexan clara e adecuadas para que este tipo de alumnado sexa capaz de realizar as tarefas, os traballos e/ou proxectos de forma adecuada.

Polo tanto, coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado, utilizaráanse estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado. No desenvolvemento das actividades de aprendizaxe teránse en consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión oral e escrita.	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.9 - Creatividade.	X	X	X
ET.10 - Educación para a paz.	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas.	Extraordinaria.	X	X	X

Observacións:

Os alumnos participarán en todas aquelas actividades que impliquen ou desenvolvan aspectos fundamentais relacionados coa materia. As actividades arriba propostas poderanse levar a cabo ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas

Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias e do resto do profesorado no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora). E analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados